

Pesos da memoria

Poesía Émulo pouco afortunado do xa feito por Rodríguez Fer

Nos últimos anos pretendeu-se reducir o debate sobre a memoria histórica aos límites da política bipartidista, ao tempo que se tentaba reconducilo aos termos de concordia e equidade que tan ben acompañaron o proxecto político actual dende a morte do ditador. Isto non impediu que voces disidentes promovesen a visibilización das vítimas ocultas (ocultadas) do fascismo por riba dos xogos de luces cos que se pretendeu distraer aos máis. Unha delas foi a de Claudio Rodríguez Fer, mediante a poesía, a divulgación académica e á fronte da publicación *Unión Libre*. Mercede a persoas coma el, ou aos historiadores que afrontando adversidades teimaron na mesma idea, nomes e historias como a de Juana Capdevielle ou Consuelo Alonso poden sobrancear por riba do ruído abstracto dos outros debates. Neste tipo de vítimas, as femininas, é que está centrado o poemario, unha obra que non esquece, nas súas múltiples adicatorias, nomes como os de Dionisio Pereira, Grandío Seoane, Fernández Santander ou Alonso Montero, pezas diversas enganchadas na mesma engrenaxe do irredentismo da memoria.

Até aí a encomiábel opinión que nos merece a obra en relación ao seu peso social e político. Cousa distinta é o xuízo literario que podemos facer desta. Para quen coñeza a longa traxectoria do autor non poderá evitar unha sensación de máis do mesmo asociada a este novo volume. Dende moi cedo unha das características máis destacábeis da súa poesía foi a de mesturar o social ou comprometido coa temática erótico-amorosa. Isto é así dende comezos dos oitenta, época da que datan os seus poemas máis populares, incluído aquel “Ámame anarquista” do que este *Ámote vermella* semella máis un émulo pouco afortunado do que unha chiscadela autorreferencial.

Ámote vermella

Claudio

Rodríguez Fer

Xerais, 2009

168 páx · 20 euros



Deixando de lado o gorentoso debate sobre o papel da poesía social no noso tempo, considero que si podemos afirmar que non cabe nos comezos do século XXI unha poesía comprometida que sexa idéntica, en xeito e estratexias, á que acompañou os estertores do franquismo e a refundación do Estado español. Así, características como a sinxeleza expositiva, os ritmos baseados na repetición, ou a manipulación de estruturas discursivas populares, pensadas todas elas orixinalmente para un (suposto) obreiro iletrado, perden grande parte do seu sentido e a súa efectividade na época actual.

Do mesmo xeito a perspectiva erótico-amorosa segue a formular os mesmos camiños trillados polo autor, partindo do heterocentrismo de todo o poemario, ou o vieiro que nos permite formular a dúbida sobre se é axeitado loar as mártires do antifascismo con poemas de amor ou con representacións que insisten na súa imaxe de seres inocentes (“E aínda lle chaman comunista...”) entregadas ao amor marital ou materno, en lugar de darlles o lugar na fronte antifascista, dado xa a tantos varóns, de ser guerrilleiras armadas con plumas, xornais e ideas. Ao mesmo tempo, o erro de incluír poemas similares, de tintura máis persoal, rompe a unidade da obra sen achegarlle demasiadas melloras.

Un volume que di moito máis das súas respectábeis intencións que dos seus logros ou innovacións concretas. // **Mario Regueira**